

NOTA / NOTE

Primeiro rexistro de *Perlamantis alliberti* Guérin-Méneville, 1843 (Dictyoptera, Mantodea) en Galicia (NO da península Ibérica).

Pablo Carballo Felpete

IES Val do Tea, Feliciano Barrera, 15. E-36860 Ponteareas (PONTEVEDRA). e-mail: pablocarfel@gmail.com

Resumo: Achégase o primeiro rexistro de *Perlamantis alliberti* Guérin-Méneville, 1843 para Galicia, nunha localidade (Oímbra, provincia de Ourense) que amplía a presenza da especie na conca do Douro ás marxes noroccidentais da rexión biogeográfica mediterránea.

Palabras clave: Dictyoptera, Mantodea, *Perlamantis alliberti*, Galicia, Ourense, área de distribución, faunística.

Abstract: First record of *Perlamantis alliberti* Guérin-Méneville, 1843 (Dictyoptera, Mantodea) in Galicia (NW of the Iberian Peninsula). The first record of *Perlamantis alliberti* Guérin-Méneville, 1843 is reported from Galicia, in a locality (Oímbra, province of Ourense) which enlarges the presence of the species in the Douro basin to the northwestern boundaries of the Mediterranean biogeographic region.

Key words: Dictyoptera, Mantodea, *Perlamantis alliberti*, Galicia, Ourense, distribution range, faunistics.

Recibido: 5 de marzo de 2014

Publicado on-line: 18 de marzo de 2014

Aceptado: 6 de marzo de 2014

Perlamantis alliberti Guérin-Méneville, 1843 é a única representante europea da familia Amorphoscelidae, dentro do suborde Mantodea (Orde Dictyoptera, Clase Insecta). Está presente no N de África, península Ibérica e Francia (Correas, 2009). Trátase dunha especie de hábitos nocturnos e cunha fenoloxía breve, de xuño a outubro, cun marcado pico de actividade en agosto (Correas, 2009 e Marabuto *et al.*, 2014). A súa reducida detectabilidade e a falta de estudos específicos, levou a que hai relativamente pouco tempo a súa distribución ibérica coñecida aínda se puidese considerar como propia do sueste ibérico (Gangwere & Llorente, 1992) ou litoral leste e metade meridional ibérica (Correas, 2009). Así, a conca do Douro aparecía como unha rexión especialmente pobre en citas dende que se capturaran, no seu extremo sur, en "alguna abundancia", grazas ao uso dun reflector por M. Martínez de la Escalera no sitio de S. Ildefonso, Segovia (Bolívar, 1914), en número e data que se ignora, pero si se sabe que foi suficiente para doar 1 exemplar de cada sexo ao Museo de Turín (Giglio-Tos, 1914). A seguinte localidade na mencionada conca foi portuguesa, o 20 de agosto de 1997, en Castelo Rodrigo, Guarda (Grosso-Silva & Soares-Vieira, 2004). Dous rexistros fotográficos posteriores na plataforma web de BV, ambos da segunda metade de agosto de 2012, sinalárona en localidades máis setentrionais, nas provincias de Soria e Burgos (Aparicio, 2013 e Matabuena, 2012). Recentemente, un estudo específico sobre Mantodea raras e pequenas en Portugal, estendeu os rexistros da especie ata Miranda do Douro, Bragança, anotándose a especie como atlanto-mediterránea e en risco potencial (Marabuto *et al.*, 2014), segundo os criterios de Battison *et al.* (2010).

Coa presente nota, fornécese a localidade ibérica máis noroccidental coñecida para a especie (41° 53'N 7°28'W), o dato máis occidental dentro da conca do Douro, e infórmase da súa presenza na provincia de Ourense.

Material estudado: Ourense: Oímbra, 29TPG23, 11/08/2013, 1 exemplar activo, voando repetidas veces na noite máis cálida do mes (ás 21:50 UTC), atraído por unha farola pública. O lugar correspóndese a unha zona rural, rodeada de campos, cultivos, matos e plantacións de piñeiros e outras árbores. O exemplar foi fotografado polo autor (ver Fig. 1).

O val de Monterrei, no que se atopa a localidade de Oímbra, é un dos lugares que conforman os límites noroccidentais da rexión biogeográfica Mediterránea. A nova localidade de *P. alliberti* coincide coa súa coñecida distribución no Mediterráneo occidental, e co seu carácter atlanto-mediterráneo. Dita localidade sitúase a máis de 100 km en liña recta da cita máis próxima, de Sérgio Henriques, en Miranda do Douro, Bragança (Marabuto *et al.*, 2014).

Bibliografía

- Aparicio, D. 2013. *Perlamantis alliberti* [Base de datos en línea]. Recurso online disponible en: <http://www.biodiversidadvirtual.org/insectarium/Perlamantis-allibertii-Guerin-Meneville-1843.-img440927.search.html>
- Battiston, R.; Picciau, L.; Fontana, P. & Marshall, J. 2010. *Mantids of the Euro-Mediterranean Area*. 2. WBA Handbooks, Verona, Italy, 240 pp.
- Bolívar, I. 1914. Dermápteros y Ortópteros de Marruecos. *Memorias de la Sociedad española de Historia Natural*, **8**(5): 157-238.
- Correas, J. 2009. Registros fotográficos de interés (Insecta, Mantodea). *BV news*, **1**: 3-4. Recurso online disponible en: <http://www.biodiversidadvirtual.org/taxofoto/revista/1>
- Gangwere, S.K. & Llorente, V. 1992. Distribution and habits of the Orthoptera (*sens. lat.*) of the Balearic Islands (Spain). *Eos*, **68**(1): 51-87.
- Giglio-Tos, E. 1914. Mantidi Esotici. IV. *Perlamantinae*. *Bullettino della Società Entomologica Italiana*, **45**[1913]: 3-60.
- Grosso-Silva, J.M. & Soares-Vieira, P. 2004. First record of *Apteromantis aptera* (Fuentes, 1894) for Portugal and confirmation of the occurrence of *Perlamantis alliberti* Guérin-Ménéville, 1843 (Dictyoptera, Mantodea). *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa*, **35**: 277.
- Marabuto, E.; Rodrigues, I. & Henriques, S. 2014. *Sphodromantis viridis* (Forsk., 1775): New for Portugal and new records of the rare and small mantids *Apteromantis aptera* (Fuentes, 1894) and *Perlamantis alliberti* Guérin-Ménéville, 1843 in the country (Mantodea: Mantidae and Amorphoscelidae). *Biodiversity Data Journal*, **2**: e1037. DOI:10.3897/BDJ.2.e1037
- Matabuena, J. 2012. *Perlamantis alliberti* [Base de datos en línea]. Recurso online disponible en: <http://www.biodiversidadvirtual.org/insectarium/Perlamantis-allibertii-Guerin-Meneville-1843.-img392023.search.html>



Fig. 1. - Fotografía do exemplar de *Perlamantis alliberti* en Oímbra, Ourense (noite do 11/8/13).